XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

Informe de legalidade

Esta Secretaría Xeral Técnica de acordo co artigo 7 do Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo, e en relación co **Anteproxecto de de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia,** emite o seguinte:

INFORME

1.- Obxecto e consideracións normativas

O obxecto deste anteproxecto de lei é a creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O Real decreto 1420/1990, do 4 de xullo, estableceu o título universitario oficial de diplomado en Terapia Ocupacional. Pola súa banda, mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009, da Secretaría de Estado de Universidades, publicouse o Acordo do Consello de Ministros do 23 de xaneiro de 2009 polo que se establecen as condicións a que se deberán adecuar os plans de estudos conducentes á obtención de títulos que habiliten para o exercicio da profesión regulada de terapeuta ocupacional. No *Boletín Oficial del Estado* do 26 de marzo de 2009 publicouse a Orde CIN/729/2009, do 18 de marzo, pola que se establecen os requisitos dos plans de estudos conducentes á obtención dos títulos de grao como título universitario oficial habilitante para o exercicio da profesión de terapeuta ocupacional.

A Lei 44/2003, do 21 de novembro, de ordenación das profesións sanitarias, en relación coas profesións sanitarias tituladas establece, no artigo 2, que son profesións sanitarias tituladas e reguladas aquelas cuxa formación pregraduada ou especializada se dirixe específica e fundamentalmente a dotar as persoas interesadas dos coñecementos, habilidades e actitudes propias da atención da saúde, e que están organizadas en colexios profesionais oficialmente recoñecidos polos poderes públicos, de acordo co previsto na normativa específica aplicable, e inclúe expresamente entre

as profesións sanitarias de nivel diplomado a profesión de terapeuta ocupacional, para cuxo exercicio habilita o título de diplomado en Terapia Ocupacional.

A mesma lei, no artigo 7.2.g), sinala como funcións dos terapeutas ocupacionais a aplicación de técnicas e a realización de actividades de carácter ocupacional que tendan a potenciar ou suplir funcións físicas ou psíquicas diminuídas ou perdidas, e a orientar e estimular o desenvolvemento de tales funcións.

O interese público que xustifica a creación deste colexio profesional fundaméntase na protección efectiva do dereito á saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución. Por iso, considérase que concorren razóns de interese público que xustifican a creación do Colexio Profesional de Terapeutas Ocupacionais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia que permita a integración destes profesionais nunha organización capaz de ordenar o exercicio da profesión, someter os profesionais a unhas normas deontolóxicas e de control comúns e, en definitiva, protexer os intereses dos usuarios dos servizos prestados polos profesionais no desenvolvemento da súa actividade.

2.- Competencia

De conformidade co disposto no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencias de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire, no marco da lexislación básica do Estado, o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, complementando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e foi asumida polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia aprobou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma

de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

3.- Informes e trámites preceptivos

Con data 20 de xaneiro 2016 mediante escrito subscrito pola Presidenta da Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, formalizouse ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a solicitude de aprobación da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, xunto cos acordos adoptados pola asemblea xeral de asociados e memoria xustificativa da creación do dito colexio.

O procedemento de elaboración do presente anteproxecto, axustouse ao disposto nos artigos 6, 8 e 16 do Regulamento de réxime interior da Xunta aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio, e modificado polo Decreto 57/1994, do 25 de marzo.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, o borrador do anteproxecto estivo exposto na páxina web da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza polo prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día 23 de febreiro de 2016, para os efectos de que os cidadáns puideran presentar suxestións.

No Diario Oficial de Galicia do día 4 de marzo de 2016 publicouse o ANUNCIO do 23 de febreiro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

Así mesmo con data 31 de marzo de 2016 o citado anteproxecto de lei foi remitido para alegacións ás distintas consellerías da Xunta de Galicia e á Secretaria Xeral da Presidencia así como á Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionais.

Na tramitación do anteproxecto e ao abeiro do esixido na pertinente normativa sectorial de aplicación, solicitáronse, con data 31 de xaneiro de 2016, informes á Secretaría Xeral de Igualdade, á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e ao Consello Galego da Competencia.

Con data 6 de abril de 2016 a Secretaría Xeral de Igualdade emite informe no que se realizan recomendacións de cara a evitar o uso dunha linguaxe sexista así como á composición equilibrada dos órganos de decisión, procedéndose a adaptar o texto ás mesmas.

Con data 6 de abril de 2016 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emite informe favorable ao non ter o anteproxecto de lei sometido a informe custo económico.

Con data do 21 de abril de 2016 , o Consello Galego da Competencia constatando que se trata dun colexio oficial de colexiación voluntaria, emite informe favorable sobre a tramitación deste anteproxecto de Lei, por axustarse á legalidade vixente.

Recibíronse as alegacións formuladas ao anteproxecto de lei pola Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social.

Unha vez vistas e analizadas as alegacións recibidas dende o Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas emítese informe sobre as mesmas e procedendo a adaptar o texto ás indicacións

Finalmente, e de conformidade co Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e do Decreto 111/1984, do 25 de maio, a Asesoría Xurídica Xeral emitiu informe favorable sobre o anteproxecto de lei.

4.- Legalidade

En cumprimento do disposto no art. 5 da Lei 6/1995, de 28 de xuño polo que se crea o Consello Económico e Social de Galicia o anteproxecto someterase ao ditame do

Consello Económico e Social de Galicia previo o estudo da norma en Comisión de Secretarios e seguidamente a súa aprobación polo Consello da Xunta para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Económico e Social.

De acordo co indicado considérase que este anteproxecto de lei reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte

PROPOSTA:

Informar favorablemente este anteproxecto de lei conforme a súa legalidade.

O subdirector de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

A secretaría xeral técnica logo de ver a proposta do subdirector de Réxime Xurídico desta Consellería, considera que o anteproxecto de lei sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que o informa favorablemente.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2016
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja